



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

BIOLOXÍA SANITARIA.

O Ministerio de Sanidade Incumpre o Compromiso de Regular a Biología Sanitaria.

Santiago, 23 de marzo de 2021

Estimado/a Colexiado/a

Como saberás, en xaneiro de 2019, a Ministra de Sanidad anunciou a regulación por Lei da Bioloxía Sanitaria. Os cambios sufridos no Ministerio de Sanidad por mor dos novos nomeamentos orixinaron un radical xiro á esperada regulación da **bioloxía sanitaria**.

Tras reunión mantida polo Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos cos novos responsables da Dirección General de Ordenación Profesional do Ministerio de Sanidad, organismo do que depende a proposta e xestión das regulacións no ámbito sanitario, trasládase a este Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos que a Regulación por lei como profesión sanitaria da Bioloxía Sanitaria, con efectos profesionais habilitantes que se establecerán por norma, anunciada polo Ministerio de Sanidade **NON levaráse a cabo**.

Esta nova actitude do Ministerio de Sanidad supón que miles de profesionais do noso colectivo que realizan a súa actividade na área sanitaria queden nunha situación de ilegalidade, continúa impedindo o acceso de biólogos/ as a postos de traballo e prazas que requiren a condición de Profesional Sanitario e impide que os futuros graduados accedan a exercer a Profesión no ámbito Sanitario.

O pasado 13 de marzo convocouse unha reunión informativa á que asistiron a totalidade dos responsables dos 15 colexios territoriais que se agrupan no Consejo General de Colegios Oficiales de Biólogos, tomando unha postura común para abordar o que debe ser unha reivindicación que abarque todos os ámbitos e co obxectivo de conseguir a regulación profesional dunha actividade como a Bioloxía Sanitaria, conceptuada como razón imperiosa de interese xeral.

En breve recibirás información sobre as distintas accións que levarán a cabo ao obxecto de reverter esta situación.

Contamos co teu apoio, é o teu futuro.
José Pelayo Míguez Baños (Decano)



Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

Recollida de sinaturas pola **#biologiasanitariaYA** **#bioloxiasanitariaXA**, Participa!

<https://www.change.org/p/ministerio-de-sanidad-el-gobierno-da-la-espalda-a-la-biolog%C3%ADa-sanitaria-y-a-sus-pacientes-reconocimiento-ya>

Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia

➔ Remitimos escrito aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia (PP, PSdG e BNG), expoñendo a problemática da Bioloxía Sanitaria, e solicitando, o apoio á nosa reivindicación.

O xoves 6 de maio, o Decano Pelayo Míguez e o Vogal Pedro Pablo Gallego mantiveron unha **reunión con Montse Prado voceira de sanidade do Grupo Parlamentario do BNG** para falar da situación da bioloxía sanitaria

➔ **O Decano no programa Bos Días da TVG.** Falando da esixencia do noso recoñecemento como profesionais sanitarios (min 42:25) **#BiologiaSanitariaYA** **#BioloxiaSanitariaXA**
<http://www.crtvg.es/tvg/a-carta/bos-dias-9-00-5012906>

➔ **Los biólogos piden ser reconocidos como sanitarios: "Se nos ubica en una situación de ilegalidad"**
https://www.lasexta.com/noticias/ciencia-tecnologia/los-biologos-piden-ser-reconocidos-como-sanitarios-nos-ubica-en-situacion-de-ilegalidad_202104046069b0f0dbb78d0001d86096.html?fbclid=IwAR1wAZaFCCxKVeGSqCCend8hKZXjNQidN7fmb_pD483ZyIdK8EQxgiPJR0